

COMPOSICIÓN DE TEXTOS HISTÓRICOS

Os seguintes documentos permiten realizar unha **composición** que teña por tema central a Reconquista e a repoboación cristiá dos territorios gañados aos musulmáns durante o sec. IX e a partir do X tratando:

- Os comezos da repoboación cristiá dende os núcleos de resistencia no seu avance cara o sur (Doc.1)
- Os sistemas de repoboamento nos reinos e condados cristiáns a través de doazóns de terras e xurisdiccións (Doc.2)
- A concesión de cartas forais nas zonas fronteirizas (Doc.3).

Lembra que debes contextualizar os documentos e referirte aos seus contidos ao longo da túa exposición, pois non se trata de elaborar o tema de referencia á marxe das fontes propostas.

Doc.1: XOÁN, bispo de Valpuesta. Carta. 812 [latín]

Eu Xoán, bispo, cheguei [en 804] ao lugar que se chama Valpuesta e alí atopei unha igrexa abandonada coa advocación de santa María Virxe, e alí puxen termo baixo o reinado do noso señor Afonso [II], príncipe de Oviedo. Construí e afirmei esa mesma igrexa e nese mesmo lugar tamén fixen presuras cos gasalianes [servidores e compañeiros] que viven comigo. Dinlles os límites [das fincas] (...) cos muíños no regato, cos seus montes e fontes, coas súas charcas, coa súa renda e o seu produto (...).

Habitando desde aquí fomos a Pontacre e alí fixemos presuras desde o cume da Peña (...) ata o río Oron cos seus muíños. Atopei alí igrexas antigas dedicadas aos santos Cosme e Damián, a santo Estevo e san Cibrán e san Xoán e san Pedro e Paulo (...) e confirmeinas baixo a miña xurisdición. E construí alí un cenobio [o mosteiro de Santa María de Valpuesta] cos meus gasalianes.

Doc 2: Carta de doazón a San Millán da Cogolla. 945 [latín]

Eu, Fernán González, pola graza de Deus conde de toda Castela, xunto coa miña muller a condesa Sancha, para remisión dos nosos pecados e remedio das nosas almas (...), en honor de san Millán (...) e de ti, pai espiritual abade Fortunio, e de todos os clérigos suxeitos a ti, que de día e de noite alí serven a Cristo, ofrecemos, damos e confirmamos na vila de Salinas a cuarta parte, íntegra e libre, con saídas e entradas, con comunidade de pasto, cos habitantes da vila, libre e inxenua de todo servizo real ou de potestade e de entrada de saión. E non teñan homicida* e fonsado segundo costume, e ningún sexa sometido por ningún crime á potestade daquela vila (...). E as eiras de sal de San Millán sexan libres da autoridade do conde. Así mesmo, concedémosvos a facultade de que todo o que ademais disto poidades obter por doazón ou por compras o posuíades libre e firmemente por todos os séculos, amén.

Doc 3: Carta foral de Castroxeriz. 8-3-974 [cast.]

Eu, García (...), conde e emperador de Castela, en unión coa miña dona a condesa Abba (...) facemos escritura de liberdade ou inxenuidade a vós, os meus fidelísimos homes de Castroxeriz. Damos bos foros aos cabaleiros infanzóns: que poboen libres as súas herdades cos que veñan (...). Se alguén matase a un cabaleiro de Castroxeriz, que pague cincocentos sólidos e fagan doce homicidas* e non teñan sobre si nuncio* nin mañaría* (...). E damos foro aos peóns: que prevaleza o seu testemuño sobre os cabaleiros viláns de fóra de Castroxeriz e que non teñan sobre si ningunha serna* nin corvea*, senón que pola terra deberán pagar un só día para barbeitar, outro para sementar e outro para podar e un carro de cereal. E que os homes de Castroxeriz non deban portádegos*, nin montádegos*, nin pontádegos* e non teñan sobre si nin mañaría*, nin fonsadeira*, nin

ningunha outra corvea. E se os homes de Castroxeriz matasen a un xudeu, paguen por el tantocomo por un cristián.

* *Homicida*: sanción aplicada por asasinato. *Nuncio*: prestación económica que os vasalos entregaban ao seu señor para poder transmitir aos seus fillos as terras que recibiran en beneficio. *Mañaría*: prestación económica que o vasalo estéril ou mañero entregaba ao seu señor para poder transmitir en herdanza un predio cultivado. *Serna*: obriga de realizar certos traballos agrícolas na reserva señorial en determinadas épocas do ano. *Corvea*: obriga dos vasalos de realizar para o señor determinados traballos tales como reparar camiños e pontes (fazendera), construír, manter e repara o castelo (castellaria), facer labores de vixilancia (anubda), levar mensaxes (mandaría), aloxar e dar de comer ao señor cando pase pola súa casa (hospedaxe e xantar). *Portádego, montádego, pontádego*: impostos cobrados polo señor polas mercadorías que atravesan as portas das murallas das cidades, os montes ou as pontes que estaban no territorio do seu dominio. *Fonsado/fonsadeira*: tributo que se pagaba ao rei por redimirse de ter que formar parte do seu exército.

RECOMENDACIÓNS:

1ª Ter sempre en conta o lema de referencia xa que sobre el debe xirar a túa composición.

Coñecer ben a información teórica. Atenta lectura

2ª. A elaboración dun guión previo (que, por que, como, consecuencias)

3º. Desenvolver as seguintes partes da composición:

- Introducción: localización cronolóxica (tempo histórico) e espacial, referencia ao autor/a se se considera pertinente
- Exposición: labor de síntese entre a información dos documentos e os teus coñecementos
- Conclusión: valoración crítica do proceso que centra a composición. Unha crítica histórica, valorando as consecuencias e a transcendencia dos feitos que antes explicamos